

**EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDI-NARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 25 DE FEBREIRO DE 2016.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D<sup>a</sup>. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

**Secretaria Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventora:**

D<sup>a</sup>. MARTA OVIEDO CREO.

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DAS ACTAS DAS XUNTAS DE GOBERNO LOCAL NÚM. 7/2016 DE 15 DE FEBREIRO DE 2016 E NÚM. 8/2016 DE 18 DE FEBREIRO DE 2016.**

Acordouse aprobar as actas núms. 7/2016 e 8/2016 de datas 15 de febreiro de 2016 e 18 de febreiro de 2016, das sesións celebradas pola Xunta de Goberno Local e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

**2.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

**2.1.-** Acordouse **CONCEDER LICENZA DE SEGREGACIÓN** dunha finca en solo urbano na **Avda. Monserrat-Lalín**, e aprobar a liquidación practicada pola Intervención municipal de data 24/02/16 en concepto de taxa por licenza de segregación por importe de **120,20 euros**. Consta no expediente o

ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS.**

**3.1.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA POR UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN, S.A. para rede de baixa tensión RBTA RBTS O Porto, Botos, Lalín** e aprobar as liquidacións realizadas pola Intervención Municipal de data 20/01/16 por importe de **13,04 euros** en concepto de ICIO e de data 18/02/16 por importe de **31,96 euros** en concepto de ICIO complementario. Consta no expediente os ingresos realizados polo citados conceptos e importes.

**3.2.-** Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS PRESENTADA POR GAS GALICIA SDG, S.A. para canalización de gas en rúa 8, Lalín**, con base na documentación que obra no expediente que inclúe o informe técnico municipal de data 18/12/15, e aprobar a liquidación realizada pola Intervención Municipal de data 16/02/16 por importe de de **194,40 euros** en concepto de ICIO. Consta no expediente o ingreso realizado polo citado concepto e importe.

### **4.- EXPEDIENTE DE ORDE DE EXECUCIÓN.**

**4.1.-** Acordouse **resolver o procedemento de orde de execución** relativo ao lamentable estado de conservación no que se atopaba o edificio sito na rúa **Álvaro Cunqueiro, núm. 13 – 15 e rúa dos Nardos, núm. 14**, de Lalín (**exp. 15/01/OE**), declarando que o inmovible foi dotado das condicións de seguridade das que carecía, por mor das obras e traballos executados por esta administración, aprobar a liquidación dos gastos realizados como consecuencia da execución deses traballos, practicada, con data 25/06/15, pola Xefatura do Servizo de Urbanismo, que ascende ao importe total de **7.183,82 €** e declarar obrigadas ao pago dos gastos realizados ás seguintes entidades: **SOCIEDAD DE GESTIÓN DE ACTIVOS PROCEDENTES DE LA REESTRUCTURACIÓN BANCARIA, SOCIEDAD ANÓNIMA (SAREB), ALISEDA, S.A. e INVERSIONES INMOBILIARIAS CANVIVES, S.A.** e esixirlle a cada unha delas o pago de **2.394,61 €**.

### **5.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.**

**Quedou pendente para un mellor estudo.**

## **6.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.**

**6.1.- Acordouse declarar como servizo esencial para este Concello, o Servizo de Urbanismo**, posto que resulta absolutamente necesario, tanto para permitir o funcionamento regular da propia Entidade Local e dos seus órganos de goberno, coma para asegurar o benestar dos veciños deste municipio, e **aprobar as Bases de selección para a contratación dun Arquitecto Municipal en réxime de funcionario interino polo sistema de concurso-oposición**, incluída na RPT deste Concello, dentro da escala de Administración Especial, Subescala Técnica, Grupo A-1.

## **7.- CONVENIOS ADMINISTRATIVOS.**

**7.1.- Acordouse atender a petición da Deputación de Pontevedra**, en relación ao Convenio de colaboración para a cesión de espazos no Pazo de Liñares para a creación dun Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico, facilitando o **acceso á instalación para que poidan desprepar a infraestrutura proposta, consistente nunha antena de pequenas dimensións na cuberta do edificio do Concello de Lalín** e desprepar unha liña de fibra óptica polas canalizacións habilitadas para tal fin, ata a sede do Oral, no anexo do Consistorio de Lalín, coa que busca unha solución tecnolóxica que una o Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico, no Pazo de Liñares, coa Oficina do Oral en Lalín.

## **8.- CERTIFICACIÓNS DE OBRAS.**

**8.1.- Acordouse aprobar a certificación de obra núm. 1 da obra “SUBMINISTRO ELÉCTRICO PARA LOCAL SOCIAL E INSTALACIÓNS ANEXAS Ó CAMPO DE FÚTBOL”** presentada pola entidade **MANUEL MEJIDE OTERO, S.L.** cun importe que se acredita para o seu abono ao adxudicatario de **29.923,64 €**.

## **9.- FACTURAS E CONTAS.**

**9.1.- Acordouse aprobar e declarar de abono facturas por un importe total de 64.942,52 euros.**

## **10.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.**

**10.1.-** Acordouse recoñecer a obriga a favor da **Sociedade Pública Información e Comunicación Local, S.A.**, correspondente á cota anual do exercicio 2016 por importe de **3.888 €**, en virtude do compromiso adquirido coa adhesión ó **CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DA PROMOCIÓN TURÍSTICA CONXUNTA DOS CONCELLOS DA ÁREA DE SANTIAGO.**

**10.2.-** Acordouse autorizar e comprometer por importe de **9.317,00 €**, con destino ao aluguer e montaxe de escenarios, son e iluminación (Rider) necesarios para todas as actividades musicais e outras actividades culturais realizadas no **Cocido do Orgullo**, e contratar ditos servizos a **TECNOIMAX S.L.**; autorizar e comprometer por importe de **8.470,00 €** con destino a realización do **FESTILALÍN** cos Grupos musicais **SES, De Vacas e un DJ**, nas actividades do Cocido do Orgullo e contratar dito servizo á distribuidora e produtora de servizos culturais **CUNDE SOC. COOP. GALEGA**; autorizar e comprometer por importe de **1.936,00 €** con destino á realización do **FESTILALÍN** co Grupo musical **Davide Salvado**, nas actividades do Cocido do Orgullo, e contratar dito servizo á distribuidora e produtora de servizos culturais **LUNEDA PRODUCCIÓN**S e autorizar e comprometer por importe de **5.652,60 €** con destino a realización das diferentes actividades culturais do programa do **Cocido do Orgullo**.

**10.3.-** Acordouse aprobar o **Proxecto de Obradoiro de Emprego “RIVERO SOCIAL LALÍN”**, nos termos que constan nas memorias que se unen a dito proxecto, acollerse á Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria e **solicitar a correspondente subvención para o seu desenvolvemento**, comprometerse ao financiamento das partidas orzamentarias que correspondan ao Concello e ao cumprimento das obrigas e compromisos que figuran en dita disposición, no suposto de obter a subvención.

**10.4.-** Acordouse aprobar o **Proxecto de Obradoiro de Emprego “RIVERO SOCIAL LALÍN XOVE”**, nos termos que constan nas memorias que se unen a dito proxecto, acollerse á Orde do 29 de decembro de 2015, da Consellería de Economía, Emprego e Industria e **solicitar a correspondente subvención para o seu desenvolvemento** e comprometerse ao financiamento das partidas orzamentarias que correspondan ao Concello e ao cumprimento das

obrigas e compromisos que figuran en dita disposición, no suposto de obter a subvención.

**10.5.-** Acordouse aprobar a concesión de **axuda de inclusión social para sufragar gastos derivados de atención sanitaria e sociosanitaria** para a persoa solicitante, por importe de 170 € a aboar á persoa que presta o servizo.

**10.6.-** Acordouse aprobar a concesión de **axuda de inclusión social para sufragar gastos de primeira necesidade** para a persoa solicitante por importe de 220,27 € a aboar en efectivo.

**10.7.-** Acordouse aprobar a aplicación das **tarifas recollidas no artigo 5 da Ordenanza Reguladora da Taxa por Prestación do Servizo de Recollida e Tratamento de Lixo e Residuos Urbanos.**

**10.8.-** Acordouse autorizar e comprometer por importe de 4.500,00 € con destino a realización do curso de Monitorado de Tempo Libre de Lalín 2016 e contratar dito servizo á **Asociación Sociocultural Aporía.**

**10.9.-** Acordouse a concesión dun posto e aprobación da alta e liquidación para o día 4 de marzo do ano 2016 pola taxa por instalacións de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias na rúa ambulantes e rodaxe cinematográfica,.

**10.10.-** Acordouse a concesión dunha tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía **co número 03/2016.**

**10.11.-** Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de **2.420,00 euros**, imputable á aplicación orzamentaria **432.227.06** do presuposto municipal vixente e contratar coa **Universidade de Santiago de Compostela** a realización do servizo denominado **“Plan Estratéxico de Turismo de Lalín”**, polo importe total de **2.420,00 €** (IVE incluído) con suxeición ó réxime dos contratos menores de servizos.

## **11.- CORECCIÓN DE ERROS ADMINISTRATIVOS.**

**11.1.-** Acordouse corrixir o erro no baremo de méritos das bases de selección de persoal laboral temporal para a contratación de 34 traballadores/as dentro da Liña 4. Emprego do Plan de Concellos 2016, aprobadas na Xunta de Goberno Local do 18/02/2016, no anexo I no apartado de puntuación de Niveis

de renda.

**11.2.-** Acordouse corrigir o erro padecido no Anexo I do Cadro de características do contrato “Subministración de combustible para os vehículos do parque móbil do Concello de Lalín, aprobado na Xunta de Goberno Local do día 5 de febreiro de 2016, no importe do valor estimado do contrato e nas aplicacións orzamentarias.

## **12.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

**12.1.-** Acordouse autorizar a obtención de copia da documentación relativa aos expedientes do taller sito na Avda. Buenos Aires, núm. 134, Lalín, (expedientes do Arquivo Unidade de Instalación 330-exp. 4 ano 1978 e Unidade de Instalación 1212-ex. 3 anos 1990-1991) a D. Camilo González Martínez.

**12.2.-** Acordouse autorizar a **Autocares Meijide S.L.**, un espazo na Praza da Igrexa o día 3 de marzo de 2016 coa finalidade de estacionar no mesmo a nova flota da empresa.

**12.3.-**Acordouse prestar a colaboración de Protección Civil e da Policía Municipal para a sinalización dos desvíos, e a sinalización da zona e material para a ordenación de aparcamentos (sinais, cintas, etc) solicitada pola **Asociación de Veciños de Vilatuxe**, con motivo da celebración o vindeiro día 8 de maio de 2016 da **Feira dos Carballiños**.

**12.4.-** Acordouse autorizar o corte da rúa Principal a partires das 9:00 horas ata as 18:00 horas, o vindeiro 6 de marzo, con motivo da “**Vª RUTA DE COCHES CLÁSICO DO COCIDO**”solicitado pola **Escudería de Clásicos o Toxo** e prestar a colaboración de Protección Civil e da Policía Local.

**12.5.-** Acordouse autorizar a D<sup>a</sup>. Yolanda Ferradás Barciela. o uso do Pazo de Liñares con motivo da celebración dunha cerimonia o día 30 de xullo do 2016.

-----